

A LÍRICA LATINA: HORACIO

1. INTRODUCCIÓN: definición e orixes gregas.

A lírica é un xénero poético. Debe o seu nome a que na súa orixe estaba estreitamente relacionada coa música: os poemas eran cantados por un solista ou por un coro, acompañados por instrumentos musicais como a lira ou a cítara¹. Este tipo de poesía xurdiu na época arcaica da cultura grega (ss. VII-VI a.C.). Entre estes primeiros poetas líricos gregos destacan Arquíloco, Safo, Alceo e Anacreonte. Os poetas gregos foron os que perfilaron as dúas características que definirían para sempre este tipo de poesía:

- O primeiro é que o poeta se convirte en protagonista da súa obra e nos fala da súa vida, as súas paixóns, os seus amigos, dá opinións sobre a política e a sociedade do momento...
- A segunda característica básica é a gran diversidade de temas, de tipos de versos, de estrofas e de extensión.

En Grecia o xénero perdurou no tempo e en época clásica (s. V a.C.) sobresaí a figura de Píndaro, o maior expoñente da lírica coral (é dicir, de poesía para ser cantada por un coro) coas súas *Odas* en honor aos xogadores dos Xogos. Posteriormente, na época helenística (ss. IV-III a.C.) houbo un novo rexurdir da lírica. Entre os seus representantes podemos citar a Calímaco, que non só destacou pola súa labor como poeta, senón tamén por traballar na biblioteca de Alexandría.

2. A LÍRICA EN ROMA: presentación.

Os poetas romanos herdaron toda esta tradición da lírica grega e fixérona avanzar con novas aportacións.

A primeira manifestación da lírica en Roma débémola a Livio Andronico, que compuxo un himno a Xuno a Raíña (*Iuno Regina*) no ano 207 a.C. e que foi cantado por un coro de mozas romanas. Este himno, actualmente non conservado, foi un encargo do Estado romano, que buscou protección nos deuses cando Asdrúbal penetrou o norte de Italia para reforzar as tropas do seu irmán Aníbal durante la 2ª guerra púnica.

Pero a quen temos que considerar realmente os introdutores da lírica en Roma é a un grupo de xoves poetas vangardistas de mediados do s. I a.C. chamados neotéricos (termo de procedencia grega usado por Cicerón de modo despectivo) ou *poeti novi* ("poetas novos"). O seu principal representante era **Catulo** (84-54 a.C.). Na súa breve colección de 116 poemas hai mostra dunha gran variedade de temas, de métrica e de extensión, así como da presenza das experiencias do propio autor. Predominan sobre todo os poemas de contido erótico, a maioría deles dedicados á súa amante Lesbia. Seguen en número os de tipo satírico² contra os seus

¹ A lira e a cítara son dous instrumentos de corda. A cítara ten unha caixa de resonancia.



LIRA



CÍTARA

² Satírico: aplícase aos poemas ou discursos de ton mordaz que censuran ou ridiculizan algo ou a alguén.

inimigos do ámbito literario e político. Tamén hai elexías³ cultas nas que abunda a mitoloxía, ao estilo dos poetas de época helenística, sobre todo de Calímaco.

Catulo preparou o camiño aos grandes poetas líricos posteriores: Tibulo, Propercio, Horacio e Ovidio.

Tibulo (48-19 a.C.): morreu sendo moi novo e só nos deixou 16 elexías, a maior parte delas de contido amoroso.

Propercio (ca. 50-16 a.C.): tamén escribiu elexías de tema amoroso e outras relacionadas con lendas romanas.

Ovidio (43 a.C.-17 d.C.): nas súas elexías xa se aprecian a exaltación amorosa, o erotismo, a nostalgia dos seres queridos, a amargura do desterro... É dicir, os temas que hoxe nos parecen máis característicos deste xénero. Escribiu dúas obras puramente líricas: *Amores* e *Tristia* (*Tristes*), e outras dúas que están a cabalo entre a poesía didáctica e a lírica: *Ars amandi* (*Arte de amar*) e *Remedia amoris* (*Remedios contra o amor*).

2.1. HORACIO (65-8 a.C.)

2.1.1. Vida:

Naceu na cidade de Venusia, na Apulia, rexión do sur de Italia. Era fillo dun liberto, máis tarde cobrador de contribucións. Pero, aínda así, puido recibir a máis esmerada educación en Roma. Aos vinte anos completou os seus estudos en Atenas. Alí entrou en contacto co epicureísmo. Posto que era contrario ás ideas de Xulio César, alistouse no exército dos contrarios ao ditador e loitou na batalla de Filipos⁴. O seu bando foi vencido. Viviu, pois, nunha época conflitiva que marca a transición entre a República e o Imperio. De volta a Roma traballou como funcionario (foi secretario do arquivo do Estado) e frecuentou o mundo literario. Trabou amizade con Virxilio. Este presentoulle a Mecenas (39 a.C.) e así quedou no círculo dos protexidos do poderosísimo conselleiro de Octavio Augusto, que se converterá no primeiro emperador de Roma. Mecenas regaloulle unha casa de campo (*villa*) nas montañas sabinas, preto de Roma, á que se retiraría longas temporadas e onde seguramente atopou inspiración para moitos dos seus poemas. Augusto, xa como emperador, chegoulle a ofrecer o cargo de secretario particular, pero Horacio, celoso da súa liberdade de actuación, rexeitouno. A partir destes momentos viviu tranquilamente dedicándose á súa obra literaria.

2.1.2. Obra:

Horacio cultivou tres xéneros poéticos: a lírica, a sátira y a epístola.

➤ POESÍA LÍRICA:

Os *Epodos* (ou *lambi*) son unha obra de xuventude. Trátase dunha colección de 17 poemas cortos dedicados a Mecenas. Neles imita sobre todo ao poeta grego Arquíloco de Paros

³ As elexías na poesía latina caracterízanse polo uso do dístico elexíaco, unha estrofa composta por un hexámetro e un pentámetro dactílico. Aínda que inicialmente a elexía estaba vinculada co tema da morte, os poetas acabarán usando o dístico elexíaco para abordar tamén outros temas.

⁴Enfrontamento entre as forzas de Marco Antonio e Octaviano (era o fillo adoptivo de Xulio César e chegará a ser o primeiro emperador, o emperador Augusto) e as forzas dos asasinados de Xulio César: Marco Xuño Bruto e Caio Casio Lonxino. Horacio alistouse no exército de Bruto. A batalla tivo lugar no ano 42 a.C. en Filipos, Macedonia.

(s. VII a.C.). Son poemas de ataque e invectiva, tanto política como persoal, aínda que non tan mordaz como a de Arquíloco ou a dos neotéricos. De feito, nalgúns casos o elemento crítico queda nun segundo plano. Exemplo disto é o epodo II, posiblemente o más célebre, coñecido como *Beatus ille*. Parece una exaltación da vida sinxela no campo ata que chegamos ao final e descubrimos que este canto está posto en boca dun usureiro, Alfio. A pesar de que loou unha vida rural y caseira, parece que Alfio prefere seguir coa súa actividade: deixar diñeiro e esperar a que llo devolvan con intereses. Detéctase, pois, a ironía e a sátira propia dos epodos de Horacio.

En canto á métrica, o ritmo máis utilizado é o iámbico (que combina unha sílaba breve e unha longa). Esta é a razón pola que Horacio titulou a obra como *Iambi* (*Iambos*). Sen embargo, pasou á posterioridade como *Epodos*, posto que esta é a estrofa que se emprega⁵.

Á época na que goza de estabilidade ao lado de Mecenas e Augusto, pertencen as súas **Odas**, tamén coñecidas como **Carmina**, de altísimo nivel poético.

No ano 23 a.C. publicou tres libros desta obra, o cuarto vería a luz ao final da súa vida. En total son 103 poemas de gran variedade, tanto pola métrica como pola temática. Canta temas tan variados como a amizade, o amor, o ocio, o orgullo de ser poeta ou o patriotismo. A patria é o tema das chamadas “odas romanas”.

Algunhas odas son de contido filosófico. Desenvolve ideas estoicas y epicúreas ao tempo que reflexiona sobre a morte inexorable e invita a gozar dos poucos anos que dura a vida (*carpe diem*). Para el a felicidade está na *aurea mediocritas* (“dourada medianía” / “dourado termo medio”).

As súas odas evocan constantemente á lírica grega. Os seus modelos principalmente son Alceo, Safo, Anacreonte e Píndaro. Usa as estrofas alcaica (inventada por Alceo) e sáfica (inventada por Safo), chegando a xactarse na última oda do libro III de ser o primeiro autor que adaptou ritmos da lírica eolia⁶ a versos latinos e esixindo certo recoñecemento por isto. Destes poetas tamén tomou temas. Por exemplo, é obvio que está imitando a Alceo na súa “Oda á República” (*Odas* I.14), pois Horacio alude ao Estado coa imaxe da nave del Estado. Noutras odas detéctanse ecos de Píndaro (e.g. *Odas* I.2). Porén, non todas as composicións teñen un determinado modelo grego, debido a que Horacio desenvolveu un estilo lírico propio.

Entre estas composicións tamén hai algunhas de tema mitolóxico: oda a Paris (I.15) e a Europa (III.27). Algunhas están dedicadas a personalidades relevantes: Augusto, Virxilio, Agripa (un xeneral e político), Mecenas (a el dedica, por exemplo, o primeiro e o último poema da colección).

A súa última obra, o **Carmen saeculare** (**Poema secular**), nace dun encargo do emperador Augusto para unha festa secular⁷ do ano 17 a.C. Pídeselle compoñer un himno para ser cantado por un dobre coro de mozos e mozas das familias máis nobres de Roma. O seu obxectivo era dar as grazas aos deuses, en especial a Apolo e a Diana, pola *Pax Augusta* (paz durante o imperio de Augusto) e suplicar pola súa duración. Como antecedentes deste tipo de poesía poderíamos citar aos líricos corais gregos como Píndaro, Alcman e Estesícoro. O seu ton

⁵ Un epodo está composto por un trímetro y un dímetro iámbico, é dicir, de dous versos cuxo ritmo básico é o iambo. (Non é preciso que dominedes esta información).

⁶ A lírica eolia era a da illa de Lesbos, é dicir, a composta por Alceo e Safo.

⁷ Unha festa secular é unha festividade relixiosa na que se realizaban sacrificios, procesións e ás veces incluso representación teatrais. Celebrábanse cada cen anos.

é propagandístico (é dicir, faise “propaganda” das políticas de Augusto).

➤ POESÍA SATÍRICA

Horacio comezara a súa andadura como poeta cultivando o **xénero satírico**:

As **Sátiras** (ou **Sermónes**) distribúense en dous libros, cada un contén 18 poemas. O libro I está dedicado a Mecenas. Respecto aos *Epodos*, o ton satírico suavízase, perde agresividade e vólvese máis filosófico. Os ataques céntranse en persoas sen relevancia política. Os poemas despersonalízanse e ocúpanse de temas máis xerais: a avaricia, a ambición, o adulterio, o descontento coa propia sorte... Apréciase a influencia do poeta romano Lucilio (s. II a.C.). Horacio admiraba a agudeza satírica deste e incluso trata temas xa tratados por Lucilio, como son o banquete e a viaxe. O ton do poeta cambia a miúdo segundo o tema e a súa disposición anímica.

As sátiras están escritas en hexámetros dactílicos e o seu estilo está próximo á linguaxe informal e ao *sermo* (conversación) urbano.

➤ POESÍA EPISTOLAR

Dentro do **xénero epistolar** encádranse as **Epístolas**, poemas que teñen forma de cartas dirixidas a destinatarios polo xeral difíciles de identificar. Moitos quizais sexan ficticios. Non obstante, desde o comezo ata o final detéctase que Horacio as redactou pensado nun público amplo y non só no destinatario ao que menciona. Nesta obra abundan as ideas sobre a filosofía.

O libro I está composto por 20 cartas e o libro II, por dúas epístolas longas e a coñecida como “*Epistula ad Pisones*” (“Carta aos Pisóns”, pois os destinatarios son un tal Pisón e os seus dous fillos), ou “*Ars Poetica*” (“Arte Poética”). Nesta epístola expresa as súas reflexións sobre a composición poética. Entre elas, pódense destacar as seguintes:

- Respecto ao drama, defende que os personaxes deben ser coherentes durante toda a obra e a súa linguaxe, acorde a eles. Tamén é preciso respectar o principio de unidade (un único espazo, un único tempo e unha única acción).
- En canto ao poeta, afirma que este debe combinar o *ingenium* (“talento”) coa *ars* (“técnica”) e ten que ser sensato e non deixarse levar polo furor (“entusiasmo”).
- Asemade, fala da *labor limae*, que é o proceso de revisión e pulido ao que o poeta somete a súa obra para perfeccionala.

2.1.3. Valoración e recepción:

Horacio destaca pola súa perfección formal que prevalece sobre a mensaxe dos seus versos. Quizais este sexa o motivo polo que foi moi apreciado e imitado no Renacemento. A través del os escritores posteriores coñeceron moitos tópicos da literatura antiga:

- *Carpe diem* (presente en *Odas* I.11): é o tópico do soneto de Garcilaso de la Vega “En tanto que de rosa y azucena” (s. XVI).
- *Beatus ille* (*Epodo* II): o *Epodo* II é o claro modelo da “Oda a la vida retirada” de Fray Luis de León (s. XVI). Este tópico tamén está presente en “Alto Jornal” de Claudio Rodríguez (s. XX).
- *A inmortalidade do autor grazas a súa obra* (*Odas* III.30): é o tema da poesía “Para cuando después de mi muerte” de Miguel de Unamuno, que forma parte da obra *Poesías* (1907).

3. TEMAS DA POESÍA DE HORACIO (pregunta das probas de acceso á universidade en anos previos).

Unha das características que a lírica romana herda da grega é a diversidade temática.

Menciónanse a continuación algúns dos principais temas da poesía de Horacio:

- **A invectiva e o ataque** (político, persoal): esta é a temática dos *Epodos (Iambi)*, aínda que ás veces a invectiva pode quedar nun segundo plano, como no *Beatus ille*.
- **A patria**: este é o tema das “odas romanas”, un conxunto de odas de contido patriótico que cantan a grandeza de Roma, ou da “Oda á República”, na que imita a alegoría de Alceo (lírico arcaico grego) e presenta a inestabilidade do Estado baixo a imaxe dunha nave no medio dunha tormenta.
- **Cuestións filosóficas**: nas *Odas* e nas *Epístolas* desenvolve ideas propias dos estoicos e dos epicúreos e reflexiona sobre cuestións inherentes ao ser humano:
 - o O paso do tempo: o ser humano non pode evitar a morte e debe desfrutar do momento. Isto lévanos a mencionar o tópico do *carpe diem*, palabras que aparecen nunha das súas *Odas*.
 - o A felicidade, que se encontra na *aurea mediocritas* (“dourada medianía, dourado termo medio”).
- **O orgullo de ser un bo poeta**: nas *Odas* xáctase de ser o primeiro que adaptou os ritmos da lírica eolia aos versos latinos e pide certo recoñecemento por este logro.
- **Temas mitolóxicos**: algunhas odas están dedicadas a personaxes da mitoloxía, como Paris ou Europa.
- **A Pax Augusta** (é dicir, a paz da que desfrutaban os romanos durante o goberno de Augusto): é o tema do *Carmen Saeculare*.
- **A composición poética**: é o tema da *Epistula ad Pisones*, tamén coñecida como *Ars poetica*.
- Entre a variedade temática de Horacio tamén atopamos poemas dedicados á amizade (ao poeta e amigo Virxilio dedícalle algunha oda), ao amor, ao descontento coa propia sorte...

ACLARACIÓNS sobre as correntes filosóficas que influíron en Horacio (non é necesario memorizalo):

O **epicureísmo** é o sistema filosófico creado por Epicuro na época helenística (s. IV a.C) e que se manterá vixente ata o s. III d.C.

Os seus preceptos básicos son:

1. O temor aos deuses é inútil, pois os deuses son felices e non se preocupan dos homes.
2. O temor á morte é absurdo, posto que cando a morte nos chega, nós xa non estamos, porque somos só materia.
3. O pracer é de fácil acceso se nos atemos aos praceres naturais necesarios.
4. A dor é sempre provisional e, se chega a ser intenso, é breve.

O **estoicismo** é un sistema filosófico que abarcará 500 anos e cuxo fundador foi Zenón de Citio no s. IV a.C. en Atenas. A ética estoica predica vivir conforme á natureza, por iso é importante a aceptación da orde universal e divina. A liberdade humana consiste na liberación das paixóns. O home virtuoso será aquel que practique a autarquía ou independencia do exterior, a apatía ou impasibilidade, e a ataraxia ou imperturbabilidade, non entendido todo isto como egoísmo senón como adhesión voluntaria e activa ao ben común.